

Comunicación de cambio de domicilio nos Rexistros de Vehículos e Condutores

A comunicación do cambio de domicilio á Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña poderá realizarse nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro (OAMR) deste concello sitas en Bertamirans e Milladoiro.

Para tramitar o cambio, os solicitantes estarán empadroados no enderezo que comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico.

Non se tramitarán as solicitudes de cambio de domicilio:

- Persoas non empadroadas no Concello de Ames
- Persoas xurídicas

Como pode realizar o trámite

Presencialmente con cita previa.

Solicitarase a través das seguintes canles:

- En liña

Accedendo ao sistema municipal de cita previa dende a sede electrónica deste concello.

- Por teléfono chamando aos números:

- Centralita: 981 88 30 02

- OAMR de Milladoiro: 981 377 654

- OAMR de Bertamirans: 881 704 712 – 881 704 710 – 881 704 708

Onde pode realizar el trámite

OAMR de Bertamirans (Praza do Concello núm. 2, planta baixa)

OAMR de Milladoiro (Rúa Agro do Medio núm. 20)

Documentación

Cambio de domicilio no Rexistro de Vehículos

- Modelo de solicitude de comunicación de cambio de domicilio á Dirección Xeral de Tráfico. Descargar o formulario que atopará en “Modelos de formularios” e compretar.
- Presentar Documento de Identidade (DNI, Tarxeta Residencia o NIE) en vigor.

Cambio de domicilio no Rexistro de Condutores

- Modelo de solicitude de comunicación de cambio de domicilio á Dirección Xeral de Tráfico. Descargue o impreso que atopará en “Modelos de formularios” e completar.
- Presentar Documento de Identidade (DNI, Tarxeta de Residencia o NIE) vixente.

Poderanse realizar ambos trámites mediante un único modelo de solicitude.

Modelos e formularios

Solicitude de comunicación de cambio de domicilio á Dirección Xeral de Tráfico

Descargue o formulario pdf y cumprimentar